



Organiza:



Produce:



Colabora:



FANPA Federación Provincial de ANPA de Centros Públicos de Pontevedra www.nontedurmas.org

SALÓN DE OFERTA DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN

EDUGAL CRECE

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A Universidade da Coruña ten como finalidade esencial a xeración, xestión e difusión da cultura e do coñecemento científico, tecnolóxico e profesional.

Na súa laboura divulgativa, o centro confirmou a súa presenza en Edugal cun stand ao que o público do salón poderá achegarse.

READ LEAF

Red Leaf nace en 1986 coa finalidade de aunar os recursos e esforzos de dous grupos (un en Canadá e outro en España) de profesionais do mundo dos idiomas e o turismo lingüístico.

A súa presenza en Edugal ampliará a área temática da mobilidade, que é unha das bases principais do salón.

UNED GALICIA

A universidade a distancia estará presente en Edugal co mesmo stand co que participou na feira Aula en Madrid e no que estarán presentes tódolos centros de Galicia.

A formación universitaria a distancia ten unha alta demanda polo áxil e dinámica que é de cara ao alumnado.

Patrocina:



12, 13 E 14 DE ABRIL
RECINTO FEIRAL
DE PONTEVEDRA




ESTUDOS UNIVERSITARIOS

Para poder elixir unha carreira universitaria coñecendo o maior número posible de puntos de vista, universidades do territorio autonómico e nacional terán presenza neste salón, que ademais servirá de escaparate de posgraos, masters e programas de doctorado.

FORMACIÓN PROFESIONAL

Un dos factores que caracteriza a formación profesional é a súa ampla oferta. Neste caso, contamos coa presenza da Xunta de Galicia, que resolverá calquera dúbida relacionada co acceso e o desenvolvemento de este tipo de estudos.



ENTRADA
GRATUÍTA

FORMACIÓN MILITAR

Unha alternativa que se plantexan moitos mozos e mozas hoxe en día é a de comezar unha carreira militar. A Escola Naval de Marín é un dos centros máis consolidados a nivel nacional e permitirá, a través de visitas ás súas instalacións, coñecer o seu día a día.

E-LEARNING

Co auxe das novas tecnoloxías, a teleformación converteuse nunha das modalidades máis demandadas dentro do ámbito da formación e a capacitación debido á versatilidade en modos e tempos que ofrece.

XORNADAS TÉCNICAS



CONFERENCIAS - CHARLAS
SALA VIP EDUCADORES

ACTIVIDADES FORMATIVAS

Charlas orientativas, coloquios, debates, charlas para o profesorado... Edugal é algo máis que información, é formación.

XORNADAS TÉCNICAS

Paralelamente á celebración de Edugal, terán lugar as xornadas técnicas FormaEdugal, onde os profesores e educadores serán os protagonistas. O fracaso escolar ou o uso de internet son algunhas das temáticas que se abordarán nestas xornadas.

A FORMACIÓN
LÉVATE...




IDIOMAS E FORMACIÓN NO EXTRANXEIRO

É indiscutible a importancia da formación en idiomas hoxe en día. Estancias, prácticas e cursiños son a mellor forma de mergullarse nunha lingua, que seguro será de gran valor para o desenvolvemento dos estudantes ou a mellora curricular dos profesionais.

MOVILIDADE

A oferta amplíase cando ampliamos o mapa. É por iso que dende Edugal apostamos por relacionar a xeografía co progreso educativo e formativo.




ESPERÁMOSTE
EN EDUGAL

FORMACIÓN CONTINUA

É imprescindible redefinir conceptos, actualizar tecnoloxías e ampliar coñecementos o longo da vida laboral dunha persona. Isto conséguese con tesón, ganas e ambición de mellora continua.

CAPACITACIÓN

Unha vez as ensinanzas son asimiladas, a posta en práctica é tan importante como a teoría, polo que os procesos de capacitación son fundamentais para consolidar os coñecementos adquiridos.



AO FUTURO
QUE TI ELIXAS

EMPREGO

A xa reiterada expresión que reza "crise significa cambio" non perde efectividade a base de ser repetida. Hoxe máis que nunca a diferenciación na formación pode supoñer un antes e un despois na vida laboral.

POSGRAOS

A entrada nun novo plan de estudos e a necesidade de especialización dan valor a un novo tipo de formación que é casi descoñecida para unha gran maioría do público.